

I TROFEO SAN XOAN EN PISTA CELTA ATLETISMO

Día 29 de Xuño a partir das 18.00h
Pistas Municipais de Atletismo de Balados (Vigo)



A inscrición estará aberta a atletas federados e populares dende a categoría pre-benxamín ata veteranos. Poderán participar todos aqueles nenos e nenas de clubs e centros escolares que teñan licenza federativa, licenza escolar en vigor ou ningunha das anteriores.


A inscrición para os atletas federados farase a través do sistema online da web da RFEA: <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 22:00 horas do 26 de xuño.

Para os atletas populares, atletas con licenza escolar (dados de alta na plataforma Xogade pero non federados) e atletas de categoría pre-benxamín, a inscrición farase enviando un correo electrónico a rcatletismo@hotmail.es, indicando: nome e apelidos, data de nacemento e DNI do atleta. Para os atletas menores de idade, deberase enviar tamén, o nome, apelidos e DNI do titor, xunto cun teléfono de contacto, tamén ata as

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBAS
PRE-BENXAMÍN	2009 - 2010	50 m.
BENXAMÍN	2007 - 2008	Duación (50 m. e lonxitude)
ALEVÍN	2005 - 2006	Duación (60 m. e lonxitude)
INFANTIL	2003 - 2004	Duación (80 m. e lonxitude)
CADETE	2001 - 2002	Duación (100 m. e lonxitude)
ABSOLUTA	2000 e anteriores	Milla Popular

MÁIS INFORMACIÓN EN www.celtaatletismo.es

ORGANIZA



COLABORAN



PATROCINAN



I TROFEO SAN XOÁN EN PISTA CELTA ATLETISMO

Día 29 de Xuño a partir das 18.00h Pistas Municipais de Atletismo de Balados (Vigo)

ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

○ **Real Club Celta de Atletismo, Club Atletismo Femenino Celta** e a **Escola Celta Atletismo**, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, os Socios Colaboradores do Grupo Celta Atletismo e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces, organizarán conxuntamente o **“TROFEO SAN XOÁN EN PISTA CELTA ATLETISMO”**.

ARTIGO 2. Data e instalación.

○ **“TROFEO SAN XOÁN EN PISTA CELTA ATLETISMO”** terá lugar o mércores 29 de xuño a partir das 18:00 horas nas Pistas Municipais de Atletismo de Balados (Vigo).

ARTIGO 3. Control técnico da proba e cronometraxe.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Haberá cronometraxe eléctrica controlada polo comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo. Todo o reflectido no presente regulamento rexerase polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.

ARTIGO 4. Inscripcións e entrega do dorsal.

A inscrición estará aberta a atletas federados e populares dende a categoría pre-benxamín ata veteranos. Poderán participar todos aqueles nenos e nenas de clubs e centros escolares que teñan licenza federativa, licenza escolar en vigor ou ningunha das anteriores.

A inscrición para os **atletas federados** farase a través do sistema online da web da RFEA: <https://sis.rfea.es/sirfea2/> ata as 22:00 horas do 26 de xuño.

Para os **atletas populares, atletas con licenza escolar** (dados de alta na plataforma Xogade pero non federados) e **atletas de categoría pre-benxamín**, a inscrición farase enviando un correo electrónico a rcatletismo@hotmail.es, indicando: nome e apelidos, data de nacemento e DNI do atleta. Para os atletas menores de idade, deberase enviar tamén, o nome, apelidos e DNI do fitor, xunto cun teléfono de contacto, tamén ata as 22:00 horas do 26 de xuño.

Os dorsais recolleranse na zona de secretaría da pista o mesmo día da competición cunha hora de antelación sobre a proba na que se participe. Entregarase un único dorsal, que irá colocado na parte dianteira da camiseta.

ARTIGO 5. Categorías de competición e programa de probas.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBA S
PRE-BENXAMÍN	2009 - 2010	50 m.
BENXAMÍN	2007 - 2008	Duatlón (50 m. e lonxitude)
ALEVÍN	2005 - 2006	Duatlón (60 m. e lonxitude)
INFANTIL	2003 - 2004	Duatlón (80 m. e lonxitude)
CADETE	2001 - 2002	Duatlón (100 m. e lonxitude)
ABSOLUTA	2000 e anteriores	Milla Popular

(1) Cumpridos no día da proba.

ORGANIZA:



R.C. Celta de Atletismo
C.A. Femenino Celta

COLABORAN:



I TROFEO SAN XOÁN EN PISTA CELTA ATLETISMO

Día 29 de Xuño a partir das 18.00h
Pistas Municipais de Atletismo de Balados (Vigo)

ARTIGO 6. Premios.

Entregarase trofeo o 1º clasificado e medallas o 2º e 3º clasificado de cada proba e categoría. Todos os atletas de categoría pre-benxamín recibirán unha medalla conmemorativa da proba. Ademais, entregaranse outros agasallos doados polos patrocinadores da competición.

ARTIGO 7. Servizos médicos e outros servizos.

A proba disporá de servizos médicos regulamentarios así como de ambulancia asistencial. Todos os atletas participantes estarán cubertos polo Seguro de Accidente Deportivo da Federación Galega de Atletismo. Os atletas participantes terán á súa disposición os vestiarios e as duchas da instalación, ademais de dispoñer dun servizo de garda roupa.

ARTIGO 8. Reclamacións.

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

ARTIGO 9. LOPD.

Todos os atletas, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

ARTIGO 10. Horario e programa de probas.

CARREIRAS	HORA	CONCURSOS (2)
100 m. CADETE MULLERES (Duatlón)	18:00	LONXITUDE BENXAMÍN - ALEVIN M - H (Duatlón)
100 m. CADETE HOMES (Duatlón)	18:10	
80 m. INFANTIL MULLERES (Duatlón)	18:20	
80 m. INFANTIL HOMES (Duatlón)	18:30	
60 m. ALEVIN MULLERES (Duatlón)	18:40	LONXITUDE INFANTIL - CADETE M - H (Duatlón)
60 m. ALEVIN HOMES (Duatlón)	18:50	
50 m. BENXAMÍN MULLERES (Duatlón)	19:00	
50 m. BENXAMÍN HOMES (Duatlón)	19:10	
50 m. PRE-BENXAMÍN MULLERES	19:20	Entrega de Premios (3)
50 m. PRE-BENXAMÍN HOMES	19:25	
Milla. ABSOLUTA (4)	19:30	

- (1) Haberá unha cámara de chamadas pola que terán que pasar todos os atletas 20 minutos antes de cada proba.
- (2) No salto de lonxitude os atletas terán 3 intentos. Táboas: Benxamín – alevín: 1 metro. Infantil – cadete: 2 metros. O concurso levarase a cabo en fosos distintos para cada categoría.
- (3) A clasificación final no Duatlón farase tendo en conta a suma das marcas por tabla IAAF adaptada ás categorías menores.
- (4) Na milla a saída farase de maneira conxunta.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e o ranking galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 – 15008. A Coruña.

ORGANIZA:



R.C. Celta de Atletismo
C.A. Feminino Celta


COLABORAN:



I TROFEO SAN XOÁN EN PISTA CELTA ATLETISMO

Día 29 de Xuño a partir das 18.00h
Pistas Municipais de Atletismo de Balados (Vigo)

EMPRESAS COLABORADORAS



ORGANIZA:



COLABORAN:



R.C. CELTA DE ATLETISMO · Número de Registro de Asociaciones Deportivas da Xunta de Galicia C-08342

C.A. FEMENINO CELTA · Número de Registro de Asociaciones Deportivas da Xunta de Galicia C-07913

E-mail: rccatletismo@hotmail.es

E-mail: cafcelta@hotmail.es